

VECINOS DE COVAS

Admirable el trabajo que viene realizando la asociación de vecinos de Covas. Es probable que en la historia reciente de esta localidad costera nunca se registrara tanta actividad, de todo tipo, desde la social, hasta la etnográfica, pasando por la antropológica, lúdica y cultural. Estos días afrontan la labor de siembra de trigo con fines puramente didácticos. La primera experiencia ya la tuvieron el año pasado. Es vital que este trabajo tenga el respaldo del vecindario ya que, de lo contrario, como estamos acostumbrados a ver, el ánimo se puede venir abajo. Sería una pena. (Editorial)

Os veciños de Covas reanudan o ciclo do pan coa semente de tres ferrados de trigo

M.J.R. > FERROL

A recuperación dos traballos tradicionais que se fai en Covas comezou hai ó redor dun ano coa semente do trigo. A malla, o moenda e despois a cocedura do pan completaron o proceso. Onte volveron comezar o ciclo sementando uns corenta quilos de gran. En abril farán o propio co maízo.

O trigo que onte sementaron os veciños de Covas precisa agora de sol, tamén algo de auga, non moi forte, e un verán que axude a dourar o cereal cando xa estea alto. A parte na que eles si poden decidir fixérona onte, nun terreo próximo ó do ano pasado, con todo o agarimo co que recuperan os labores tradicionais e cunha clara vocación didáctica para as novas xeracións. Ó redor de quince nenos participaron na segunda sementeira. Eles fanse cargo dun pequeno anaco de terra, do que levarán conta ata que do forno saia o bolo de pan. “Vano coidar, vano segar, van facer todo eles”, explica o presidente da AVV, José Cereijo.



Os nenos son os principais destinatarios desta actividade, e coidarán eles mesmos un anaco de terreo (jorge meis)

O trigo que onte sementaron os veciños de Covas precisa agora de sol, tamén algo de auga, non moi forte, e un verán que axude a dourar o cereal cando xa estea alto. A parte na que eles si poden decidir fixérona onte, nun terreo próximo ó do ano pasado, con todo o agarimo co que recuperan os labores tradicionais e cunha clara vocación didáctica para as novas xeracións. Ó redor de quince nenos participaron na segunda sementeira. Eles fanse cargo dun pequeno anaco de terra, do que levarán conta ata que do forno saia o bolo de pan. “Vano coidar, vano segar, van facer todo eles”, explica o presidente da AVV, José Cereijo.

Nesta ocasión o trigo xa o tiñan, pois separárono da boa colleita do ano pasado. Entón incluso lles sobraron cen quilos de fariña, que venderon en bolsas de medio quilo ó prezo de un euro cada unha. “E se tivesemos 500, 500 venderíamos”, asegura Cereijo. O seu valor principal é que se trata de trigo do país, que non está modificado xenéticamente nin está tratado con ningún tipo de produto químico. O único “extra” é a “pedra do trigo”. Trátase dun pó de sulfato de cobre que se lle bota ós grans desde hai anos.

Outro dos empeños dos veciños ó facer este traballo é que se asemelle en todo o posible á forma tradicional. Por iso onte empregaron un cabalo e un arado de pau. No proceso de documentación e recolleita que fan antes de empezar tarefas deste tipo inclúen tamén a restauración de ferramentas cuxo destino adoita ser o lume ou un vertedoiro de lixo.

En vista do éxito da proposta (o ano pasado participaron unhas douscentas persoas en total), decidiron dar un paso máis alá e, polo mes de abril, no terreo que empregaron en 2008 sementarán millo.

Trátase de non perder nunca de vista o vencellamento coa terra e co mundo rural e tamén, sobre todo no caso do trigo, chamar a atención sobre un cereal que pode ser moi rendible. “O 90% das terras de Covas están ociosas. É un cultivo sostible e economicamente viable”, comenta Cereijo.